

# “Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural”: unha ferramenta educativa máis contra o despoboamento do rural



REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932  
Páx. 64-67

Mario Outeiro Iglesias

IES Pedregal de Irimia – Meira  
mariocorgo@gmail.com

## 1. LIMIAR

O despoboamento é, na actualidade, a maior das lacras que sofre a Galiza interior. As máis de 1.500 entidades singulares de poboación abandonadas (das máis de 30.000 que rexistra o Nomenclátor en Galiza) e as preto de 4.000 que son candidatas certas a selo en moi breve prazo (Pazo Labrador e Moragón Arias, 2013), demostran de xeito irrefutable que estamos a vivir un proceso denominado “demotanasia”. Este termo combina “poboación” con “morte” dunha maneira enxeñosa para aludir á morte paulatina dun territorio, ao seu esgotamento demográfico, con todas as consecuencias que se derivan diso, a raíz dunha serie de omisións ou accións políticas ou socioeconómicas que afectan directa o indirectamente a ese territorio (Pazo Labrador e Moragón Arias, 2018).

Unha desas accións ou omisións históricas veu da man do ensino, xa que os contidos traballados na escola evidenciaban distanciamento ás realidades cotiás dos nenos e nenas de aldea. En efecto, ese currículo deseñado a centos de quilómetros ignoraba a ruralidade galega e contribuíu á súa desvalorización; boa mostra disto é o feito de que ata hai pouco máis de corenta anos mesmo prohibía o uso do idioma materno.

Os docentes e as familias (cun mínimo de recursos económicos) animaban daquela o alumnado rural con bos resultados académicos a seguir estudando, a ir á universidade e a procurar nas áreas urbanas un futuro laboral. En contraposición, o alumnado que non era capaz de seguir o ritmo escolar (os “fracasados para o sistema educativo”), tiña como única opción seguir na explotación familiar, dirixíndoa con moitísimo traballo pero cunha escasa formación técnica. Eran tempos en que todo o “rural” era negativo, en

que o idioma falado nese basto territorio era pouco valorado, en que as escolas rurais non chegaban ao “nivel” dos centros de ensino das cidades, e en que os traballos na cidade garantían unha vida máis acomodada e, supostamente, de maior consideración social.

Aínda que todos eses matices que vivimos moitas xeracións nos últimos cincuenta anos foron mellorando algo dende comezos do século XXI, podemos aseverar que a día de hoxe aínda seguen plenamente vixentes no imaxinario popular. Con todo, nos últimos tempos, marcados primeiro pola crise económica do 2008 e agora pola actual crise sanitaria derivada da COVID-19, vemos como está a se materializar certo “retorno” ao rural, polo momento de xeito tímido (o 2021 arrancaba cunha tendencia alcista no censo da maioría dos concellos rurais con respecto ao ano anterior).

Estaremos vivindo na actualidade un punto de inflexión para revertir esa tendencia demotánica? Está claro que se o ensino tivo nun tempo parte de culpa no éxodo cara ás cidades, ten que ser agora o gran aliado para que o cambio de tendencia teña solidez e futuro. A escola debe poñer en valor o rural, non dun xeito idílico, bucólico ou costumista, senón dende un punto de vista realista, moderno e sustentable, poñendo de manifesto, entre outras, as oportunidades económicas que no contexto rural se poden aproveitar.

## 2. CREACIÓN DA MATERIA ARMN

Detrás dos proxectos educativos adoita haber sempre circunstancias persoais que marcan a praxe docente. No meu caso, nacín, estudei, vivo e traballo no medio rural. Foi ese medio o que elixín tamén para educar os meus fillos, nunha militancia que trato de inculcar-

lles porque non se pode ensinar algo no que non se cre e practica. Durante moitos anos fun profesor no CPI de Cervantes, na alta montaña luguesa, e ese contacto coa comunidade educativa (compañeiros, familias, veciñanza e, sobre todo, alumnado) levoume a ver de primeira man a sangría poboacional que experimentaba a montaña lucense, pero tamén como unha parte desa sociedade loitaba con moita dignidade por evitala. O espertar da miña conciencia levoume a apreciar certas actividades que realizaban as e os naturais relacionadas co seu medio, para posteriormente intentar traballalas como proxectos de centro interdisciplinares e para todos os niveis.

O primeiro deses proxectos tivo como centro de interese o pan; traballamos durante dous cursos cos nenos e nenas de todo o centro (dende 4º de Infantil a 4º da ESO) todo o ciclo do pan, e mesmo chegaron a facelo coas súas propias mans. Outro dos proxectos desenvolvidos con grande éxito foi o do mel (en colaboración coa Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e a Asociación Galega de Apicultura), coa intención última de que as e os alumnos percibisen o potencial económico que posuían os seus lugares de orixe.

O cambio de destino ao IES Pedregal de Irimia permitiúme ver que as tendencias demotánicas, aínda que menos acusadas que na montaña, estaban xeneralizadas por todo o rural galego, e que para intentar revertelas educativamente non podíamos fiar todo a actividades puntuais ou á vontade dun grupo de profesores (comprometidos para desenvolver iniciativas comúns dende distintas materias... aínda que isto sería o ideal), xa que as dificultades para levar a cabo proxectos interdisciplinares no sistema educativo actual seguen a ser,

dende o meu punto de vista, aínda importantes.

Convencímonos pois de que a mellor maneira de superar a situación sería a través dunha materia específica (“Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural”) que tratase a temática dun xeito integrado e estable no tempo, aproveitando a posibilidade que neste momento ofrece a lexislación educativa vixente de crear materias de libre configuración do centro en 1º da ESO, 2º da ESO ou Bacharelato. Ademais, os contidos desta materia deberían partir da realidade contextual na que vive o alumnado, seguindo os principios pedagóxicos do PBE (Place-Based Education) que tan bos resultados ofreceu nos traballos desenvolvidos por John Dewey (hai un século) e por recoñecidos estudosos actuais como Sobel (2008), Smith (2010), Gruenewald (2014)... Todos eles consideran, igual que recoñece a UNESCO (2012: 30), que o espazo-contexto local é



Imaxe aérea das instalacións exteriores empregadas polo alumnado de ARMN

un recurso educativo poliédrico de primeira orde.

### 3. OBXECTIVO PRINCIPAL E CONTIDOS

Como se poderá inferir do antes indicado, a principal motivación que impulsou a creación da materia foi revalorizar a cultura rural no só polo seu valor etnográfico, senón tamén e especialmente como oportunidade de desenvolvemento persoal, profesional, económico e social.

Así, dende hai tres cursos veño impartindo a materia ARMN no 2º curso da ESO do IES Pedregal de Irimia, que inclúe contidos agrupados nos seguintes seis bloques temáticos:

- **A relación co medio natural:** coñecemento da contorna, sustentabilidade, produción ecolóxica e experiencias reais de aproveitamento dos recursos.

- **O monte multifuncional:** estrutura da propiedade e xestión, especies arbóreas galegas, aproveitamento madeireiro, os froitos do monte (a castaña), micoloxía e pastoreo.

- **Fruticultura:** especies e variedades, plantación, labores de mantemento: a poda, multiplicación, enfermidades e pragas.

- **Horticultura:** especies e variedades, a horta e o invernadoiro, sementeira e transplante, o solo, labores de mantemento: a pega, enfermidades e pragas.

- **Apicultura:** polinización e flora melífera, as abellas: mestra, obreira e abázcara, a colmea e os utensilios do apicultor, o apiario: estrutura e emprazamento, a reprodución: control da enxamía e multiplicación, sanidade apícola: enfermidades e inimigos e produtos das abellas: a esmelga.

- **Ferramentas para o medio rural:** administracións públicas, cooperativismo, as TIC



Estación meteorolóxica (esquerda) e invernadoiro (fondo) do centro.

no medio rural, formación e investigación.

### 4. CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO

No curso 2017-18 o claustro e o consello escolar do IES Pedregal de Irimia aprobaron (por unanimidade) o currículo da materia ARMN como libre configuración propia do centro, a impartir en 2º da ESO e cunha carga lectiva de 1 hora semanal. A inspección educativa deu o visto e prace ao proxecto.

No curso 2018-2019 impartíuse por vez primeira a materia, sendo escollida polo 59% do alumnado (a follla de matrícula permitía a escolla entre catro materias). Os resultados académicos foron óptimos: 100% de aprobados na avaliación ordinaria e unha nota media de 7,4; quedaron algúns contidos por traballar pero o alumnado valorou positivamente a experiencia.

No curso 2019-2020 impártese por segunda vez, sendo elixida polo 55% do alumnado, tamén cuns bos resultados (100% de aprobados na avaliación ordinaria e unha nota media de 8,2). Neste curso enfrontamos o confinamento pola pandemia coa substitución dos contidos prácticos do terceiro trimestre por novos recursos de índole audiovisual que estiveron a dis-

posición do alumnado a través de E-Dixgal. A maior parte do alumnado seguiu as clases semanais con puntualidade e interese, entregando os traballos propostos polo profesor.

No curso 2020-2021 impártese por terceira vez, sendo escollida polo 72% das alumnas e alumnos. Preguntárolles sobre o porqué da escolla, as respostas máis habituais foron: a existencia de prácticas, as saídas esco-



Exposición micolóxica organizada na biblioteca do centro polo alumnado da materia.

lares e a posta en valor da súa contorna familiar.

### 5. O POTENCIAL DA MATERIA NO MEDIO URBANO


Se o alumnado do medio viloso-rural na actualidade posúe coñecementos máis ou menos vagos sobre os contidos a tratar na materia, o certo é que por fortuna a maioría adoitan contactar con grandes mestres e mestras nas casas ou na veciñanza. En efecto, os asuntos da materia resúltanlle recoñecibles ao alumnado porque están presentes nas conversas diarias da súa contorna familiar, e malia que non son considerados xa suficientemente importantes para ser transmitidos ás xeracións máis novas (agora enténdese máis importante a robótica, a programación, o inglés...), seguen igualmente representando aprendizaxes significativas desde o punto de vista da psicología construtivista.

Porén, para os nenos e nenas das vilas grandes e das cidades estes contidos están máis afastados da súa realidade, e son afortunados aqueles que polo menos teñen a posibilidade de coñecelos nas visitas de fin de semana ou durante as vacacións. Tendo en conta que a maioría da poboación galega actual é urbana, estase privando á maior parte da mocidade galega duns coñecementos de gran valía, que a pon en desvantaxe neste eido respecto da mocidade rural. Dende o principio de equidade entre o alumnado, fornecer estes contidos dentro do ensino obrigatorio é máis que unha necesidade no sistema educativo actual.

### 6. CONCLUSIÓNS

Como vimos nos apartados anteriores, a materia "Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural" ofrece un inmenso potencial para coñecer mellor a cultura rural local, axudar a identificar na contorna xeográfica do alumnado posibles saídas de tipo económico-laboral, aumentar a autoestima das mozas e mozos que viven no medio rural (Outeiro Iglesias, 2019), e fomentar a valoración, recoñecemento e comprensión dos que viven noutros ámbitos.

Sendo este o terceiro curso no que se imparte no IES Pedregal de Irimia (Meira), cabe cualificar os resultados como moi positivos, polo que se suxire a extensión da iniciativa (como proxecto interdisciplinar, Plan Proxecta, materia de libre configuración de centro ou autonómica) a calquera tipo de centro escolar (rural ou urbano), sempre que se elaboren previamente uns recursos básicos e contextualizados que faciliten a correspondente docencia por parte de profesorado de ciencias, non necesariamente especializado na temática. ■



Achegas da materia ao proxecto Erasmus+ "Umbrella", no que participa o IES Pedregal de Irimia.



Pequena biblioteca da materia.

### REFERENCIAS

- GRUENEWALD, D. A. e SMITH, G. A. (Eds.) (2014). *Place-based education in the global age: Local diversity*. New York: Routledge.
- OUTEIRO IGLESIAS, M. (2019). "Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural", unha materia necesaria en Galiza. *Boletín das Ciencias*, 88, 105-106.
- PAZO LABRADOR, A. J. e MORAGÓN ARIAS, M. P. (2013). Despoblamiento y desertificación demográfica en Galicia. *Minius*, 21, 155-176.
- PAZO LABRADOR, A. J. e MORAGÓN ARIAS, M. P. (2018). El despoblamiento en Galicia: la visualización de la "catástrofe". *Ager*, 24, 123-154.
- SMITH, G. A. e SOBEL, D. (2010). *Place and Community-Based Education in Schools*. New York: Routledge.
- SOBEL, D. (2008). *Childhood and Nature: Design Principles for Educators*. Portland, Maine: Stenhouse.
- UNESCO (2012). *Exploring Sustainable Development: A Multiple-Perspective Approach. Education for Sustainable Development in Action. Learning & Training Tools*, nº 3. París: UNESCO.